

¿Onde atopar máis información?

Nas Delegacións Provinciais da Consellería de
Familia, Xuventude e Voluntariado

A CORUÑA

Avda. do Exército, 2 - 1º
15006 A CORUÑA
Tel.: 981 185 700/1

LUGO



Ronda da Muralla, 70
27003 LUGO
Tel.: 982 294 343/359

OURENSE

Camiño Vello, Prado Lonia, s/n
32004 OURENSE
Tel.: 988 386 086/7

PONTEVEDRA

Concepción Arenal, 8 - 1º
36201 VIGO
Tel.: 986 817 042/3



CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUD
E VOLUNTARIADO

Dirección Xeral de Familia

MEDIACIÓN FAMILIAR



CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUD
E VOLUNTARIADO

Dirección Xeral de Familia

¿Que é a mediación familiar?

É un procedemento extraxudicial e voluntario no que mediante a intervención dun mediador imparcial, pedido e aceptado polas partes, trátase de axudar ás parellas en situación de crise a resolver de mütuo acordo as consecuencias da separación, nulidade, divorcio ou da ruptura da súa unión.

¿Quen son os mediadores familiares?

Son profesionais especializados en materia de familia, inscritos como tales no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia.

¿Quen pode acudir á mediación familiar?

As persoas unidas por vínculo matrimonial ou as que formen unha unión estable de parella.

¿Cal é o obxecto da mediación?

Asesorar, orientar e axudar a acadar un acordo entre os membros da parella sobre os efectos da separación, divorcio ou da ruptura da súa unión.

A mediación pode referirse a tódolos efectos da ruptura ou a algúns deles.

¿Como se solicita a mediación?

Poden pedila ámbalas dúas partes (de comén acordo), ou unha das coa aceptación posterior da outra.

(presentarase o **modelo de solicitude** do Anexo II do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro publicado no DOG do 4 de marzo de 2003, dispoñible tamén na páxina Web da Dirección Xeral de Familia)

¿Quen elixe ó mediador?

Pode ser elixido polas partes, de comén acordo, entre os inscritos no Rexistro de Mediadores de Galicia.

De non existir acordo para elixir o mediador, poderán optar por que o mediador o designe a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado co consentimento das partes.

(para elixir o mediador ou pedir que sexa designado pola consellería, indicarase no modelo de solicitude do Anexo II do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro publicado no DOG do 4 de marzo de 2003)



**Teléfono da Dirección Xeral
de Familia: 981 957 165**

¿Canto custa a mediación?

A mediación pode ser gratuíta para os que cumplen os requisitos esixidos para ter dereito á asistencia xurídica gratuíta. Noutro caso, terán que pagar os honorarios acordados co mediador. Neste caso a primeira entrevista co mediador está sometida a prezo taxado.

¿Como se solicita a mediación gratuíta?

Presentando o modelo do Anexo III do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, publicado no DOG do 4 de marzo de 2003 xunto coa documentación que se indica no mesmo (tamén dispoñible na páxina Web da Dirección Xeral de Familia).

A solicitude de gratuidade da mediación, terá que presentarse xunto coa solicitude de designación de mediador.

¿Onde atopar máis información?

Na Dirección Xeral de Familia
Edif. Admvo. San Caetano s/n

Tel.: 981 957 165

E na páxina Web da Dirección Xeral de Familia
<http://www.xunta.es/conselle/fm/dxf/index.htm>